

**La Opinión**

Viernes, 4 de diciembre de 2009

## **A Asociación de Escritores en Lingua Galega premia a Marilar Aleixandre**

O galardón ás  
Institucións recae  
no Salón do Libro  
Infantil de Pontevedra

### **Redacción**

A CORUÑA

A homenaxe O Escritor na súa Terra, impulsado pola Asociación de Escritores en Lingua Galega, acada a súa decimosexta edición no 2010, ano no que, por decisión unánime da asemblea de socios da entidade, recaerá na escritora Marilar Aleixandre.

Así mesmo, a asociación recoñecerá a labor dos concellos que organizaron ao longo dos últimos trinta anos o Premio Blanco Amor de Narrativa co galardón Os bós e xenerosos. Na Cea das Letras, que se celebrará en maio de 2010, entregárase o galardón ao concello de Poio, organizador do certame no 2010, en representación de todos os concellos que o fixeron na súa traxectoria.

O Salón do Libro Infantil de Pontevedra obterá tamén no vindeiro ano recoñecemento da Asociación de Escritores en Lingua Galega, que lle concede o premio ás Institucións.